

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao para fomento da la mobilidade sostible na fachada marítima de Ferrol.

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao está redactando un proxecto nos los terreos de dominio público portuario para humanizar a zona de contacto entre o Porto e a cidade de Ferrol, en concreto a denominada Estrada Baixa do Porto e a dársena de Curuxeiras para permitir o tránsito seguro de peóns e ciclistas de modo compatible coa actividade portuaria.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Axencia Galega de Infraestruturas, a través dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resilencia (MRR), pretende subvencionar o proxecto “Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ciclista na estrada baixa do Porto e dársena de Curuxeiras”, por ser favorecedor a implantación dunha zona de baixas emisións na cidade de Ferrol, dado que xunto con outras infraestruturas existentes o en desenvolvemento permitirá o acceso peonil e ciclista a unha importante zona de equipamentos e servizos no perímetro da ensenada de A Malata, e habilitará prazas de estacionamento disuasorias para os particulares ao núcleo urbano. Un proxecto que busca unha recuperación sostible e resiliente do entorno marítimo e portuario de Ferrol que incidirá nunha maior calidade de vida da cidadanía.

3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase en 3.800.000,00 €) IVE excluído.



A Axencia Galega de Infraestruturas financiará os gastos de execución das obras, ata un máximo de **3.113.966,88 €** con cargo á partida orzamentaria 09.A1.512B.703. código de proxecto 2022-00009, distribuído en tres anualidades:

AÑO	IMPORTE €
2022	100.000,00
2023	400.000,00
2024	2.613.966,88
TOTAL	3.113.966,88

O resto do investimento corre por conta da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao.

A distribución e tres anualidades está xustificada por tratase dunha actuación múltiples que require a licitación, adxudicación e execución de cada unha das seguintes actuacións:

- Integración urbana e mellora do tránsito peonil/ ciclista na estrada baixa do Porto.
- Entorno da dársena de Curuxeiras
- Estacionamentos disuasorios.

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a Autoridade Portuaria de Vigo que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.



6.- Xustificación da concesión directa dunha subvención

A importancia desta actuación, acollida aos fondos MRR, así como a co financiación entre distintas administracións públicas, xustifica a concesión directa dunha subvención á Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao coas condicións e obrigas recollidas no texto do convenio, segundo o establecido no artigo 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

